

Bases reguladoras das axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra para o ano 2018

Primeira. Obxecto e natureza

Segundo o establecido no artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, as deputacións proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar os gobernos locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; polo artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; o artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e o artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Estas axudas xorden co obxectivo de lles proporcionar aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das veciñas e veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de dar resposta a situacións de grave emerxencia.

Segunda. Destinatarios

Concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra a través dos seus servizos sociais comunitarios.

Terceira. Contía das axudas

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada concello da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, detallada no anexo I, para investimento e gasto corrente en

función da poboación e da porcentaxe de desemprego en relación ao total da súa poboación, respectando as cantidades subvencionadas na convocatoria do ano anterior.

Cuarta. Persoas beneficiarias das axudas básicas de emerxencia

Persoas maiores de idade empadroadas en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda.

Daráselle prioridade a cubrir as necesidades das familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Quinta. Tipoloxía das axudas

a. Alimentación

Axudas destinadas á compra de alimentos, con especial atención á adquisición dos perecedoiros (como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social) e de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimentarias prescritas por persoal facultativo (persoas celíacas, diabéticas ou con outras necesidades).

b. Uso da vivenda

Axudas destinadas a posibilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada:

- Axudas para o pagamento de gastos de alugueiro que impidan o desafiuzamento
- Axudas para o pagamento da hipoteca, de maneira excepcional, cando o importe de cada cota sexa inferior a 450 euros e a débeda non sexa superior a seis cotas
- Axudas para o acondicionamento da habitabilidade da vivenda

c. Pagamento de recibos

Axudas destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e a paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibos de electricidade, leña ou equivalentes, gas, gasóleo ou auga.

d. Pagamento de produtos de hixiene e limpeza

Axudas destinadas á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, deterxente para lavalouza e outros) e de produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina etc.).

e. Pagamento de produtos farmacéuticos

Axudas destinadas ao pagamento de produtos farmacéuticos prescritos por persoal facultativo especialista ou polas médicas e médicos de atención primaria.

f. Adquisición de electrodomésticos básicos

Axudas destinadas á compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico, deshumidificador etc.) que a traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos considere que contribúen a favorecer a inclusión social das persoas máis desfavorecidas.

g. Pagamento de desprazamentos

Axudas destinadas ao pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello para recibir tratamentos, facer xestións ou participar en actividades que non poidan levarse a cabo dentro del.

Así mesmo, pagaranse os desprazamentos dentro do propio concello para a realización de xestións ou a asistencia a actividades relacionadas cos programas de educación familiar, do servizo de axuda no fogar ou de asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio concello.

h. Pagamento de lentes e audiófonos

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audiófonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e teñan prescrita esta axuda técnica.

Tamén se lles financiará a compra de lentes a persoas cun déficit visual diagnosticado e que necesiten o seu uso.

i. Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía

Axuda destinada ao pagamento de tratamentos odontolóxicos non financiados polo Servizo Público de Saúde, sempre que estea xustificada a súa necesidade.

j. Pagamento de produtos de apoio

Axuda destinada ao pagamento de produtos de apoio para persoas con algunha discapacidade ou dependencia que non lle poidan facer fronte ao gasto por si mesmas.

Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación: camas articuladas, guindastres, colchóns antiéscaras, cadeiras e barras de ducha ou baño, andadores etc.

k. Axudas de apoio á infancia

No caso de menores de idade poderase facer fronte aos gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados nesta base quinta que posibiliten a continuidade da persoa menor no seu medio familiar.

Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida das e dos menores e ir acompañados do correspondente informe social que xustifique a súa necesidade.

Sexta. Documentación, forma e prazo de solicitude para os concellos

O formulario para solicitar a participación nesta convocatoria estará á disposición dos concellos en www.depo.gal. Nel deberanse indicar as cantidades de gastos correntes e/ou o

investimento solicitado a este organismo provincial, con atención ao máximo estipulado para o seu concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral da Deputación ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial. Tamén poderán entregarse no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra (sede.depo.gal), de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación), o envío deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión estea dentro do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria. As solicitudes enviadas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas, para todos os efectos, no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro xeral da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

Cando a solicitude se envíen por correo postal deberase adiantar ao seguinte enderezo electrónico: cohesionsocialexuventude@depo.gal.

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e, posteriormente, remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará en 15 días hábiles.

Concederase un prazo de 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión. No caso de non o facer desestimárase a petición, previa resolución ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.

Sétima. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e comprenderá as seguintes fases:

- Logo de presentadas as solicitudes o Servizo de Cohesión Social realizará o seu estudo e comprobación
- A xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude terá a condición de órgano instructor, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei xeral de subvencións (LXS) e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

O Servizo de Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta. Este dirixirase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva. Excepcionalmente e por razóns de urxencia xustificada poderá autorizarse mediante unha resolución da deputada delegada de área, do que se informará na seguinte sesión da Xunta de Goberno.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido no artigo 40 da LPACAP.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación da solicitude sen que se lles notifique a resolución expresa aos interesados considerárase desestimada a petición por silencio administrativo.

Oitava. Pagamento e xustificación

Estas axudas aboaránselles directamente aos concellos logo da súa aprobación na Xunta de Goberno.

Procederáse ao pagamento anticipado do 35 % das axudas aprobadas logo de comprobar que a entidade receptora cumpre as súas obrigas tributarias coa AEAT e a Seguridade Social.

O formulario de solicitude da subvención incluírá a autorización do solicitante para que esta institución provincial obteña de forma directa a acreditación do cumprimento de ditas

obrigas. No entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o seu consentimento, polo que deberá achegar entón a correspondente certificación xustificativa.

O 65 % restante librarase tras a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación:

1. Copia compulsada das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal funcionario competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, se se considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

Hai que destacar que os gastos correntes e de investimento incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.

2. Conta xustificativa dos gastos para cada unha das subvencións concedidas (unha para os gastos correntes e outra para os investimentos), atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poñan de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes das contas se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, tal e como se establece nas bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible en www.depo.gal).

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, os beneficiarios das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un

documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderán utilizar o pagamento en metálico, excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do RLXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

3. Memoria de actividade segundo o modelo normalizado, dispoñible en www.depo.gal, realizada pola traballadora ou traballador social responsable dos servizos sociais comunitarios municipais.

No caso de que as contías xustificadas sexan inferiores ao importe solicitado e recibido, procederase ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas, de conformidade co establecido no artigo 89 do R. d. 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o RLXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2019.

Novena. Compatibilidade das axudas

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados, pero o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada á persoa beneficiaria. No caso de superar este límite deberá comunicarse este feito co obxecto de reducir o importe da subvención.

Décima. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 465.000 euros, dos que 365.000 € son para gasto corrente, con cargo á aplicación 18/231.2313.462.00, e 100.000 € son para investimento, con cargo á aplicación 18/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.

Décimo primeira. Vixencia

Estas bases estarán vixentes do 1 de xaneiro de 2018 ao 28 de febreiro de 2019.

Décimo segunda. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria a LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2018.

As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Décimo terceira. Interpretación

A deputada delegada do Servizo de Cohesión Social e Xuventude resolverá a interpretación e a resolución das dúbidas que poidan xurdir, previo informe dos servizos de Cohesión Social e Xuventude, Secretaría e Intervención cando proceda.

Décimo cuarta. Publicidade

Débase facer constar, tanto en toda a publicidade (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados coma na páxina web que se elabore, a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS. Será unha condición indispensable para o cobro da subvención achegar, xunto co resto da xustificación, un documento probatorio: unha foto, unha folla de xornal ou unha captura de pantalla da web. As normas de imaxe institucional pódense consultar no seguinte enderezo: comunicacion@depo.gal

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á perda da subvención.

AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2018
Municipios de 5.000 habitantes ou menos*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Agolada	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Arbo	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Barro	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Campo Lameiro	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Catoira	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Covelo	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Crecente	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Cuntis	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Dozón	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Forcarei	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Fornelos de Montes	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Illa de Arousa, A	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Lama, A	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Meis	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Mondariz	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Mondariz-Balneario	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Moraña	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Neves, As	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Oia	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Pazos de Borbén	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Pontecesures	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Portas	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Rodeiro	5.000,00 €	1.400,00 €	6.400,00 €

*Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE), 2016

Municipios de entre 5.001 e 10.000 habitantes*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Cañiza, A	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Caldas de Reis	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Cerdedo-Cotobade	11.500,00 €	3.150,00 €	14.650,00 €
Meaño	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Ponte Caldelas	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Ribadumia	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Rosal, O	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Salceda de Caselas	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Salvaterra de Miño	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Silleda	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Soutomaior	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Valga	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Vila de Cruces	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Vilaboa	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €

*Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), 2016

Municipios de entre 10.001 e 15.000 habitantes*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Baiona	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Bueu	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Cambados	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Gondomar	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Grove, O	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Guarda, A	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Tomiño	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Vilanova de Arousa	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €

*Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE), 2016

Municipios de entre 15.001 e 20.000 habitantes*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Moaña	8.500,00 €	2.400,00 €	10.900,00 €
Mos	8.500,00 €	2.400,00 €	10.900,00 €
Nigrán	8.000,00 €	2.400,00 €	10.400,00 €
Poio	8.500,00 €	2.400,00 €	10.900,00 €
Porriño, O	8.500,00 €	2.400,00 €	10.900,00 €
Sanxenxo	8.500,00 €	2.400,00 €	10.900,00 €
Tui	8.500,00 €	2.400,00 €	10.900,00 €

*Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE), 2016